



## **Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína**

A orde PCM/169/2022, de 9 de marzo, pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento da protección temporal a persoas afectadas polo conflito en Ucraína, recolle medidas específicas sobre o réxime de protección temporal a este colectivo de xeito que se garanta a mellor atención de xeito rápido e eficaz e de acordo á súa realidade persoal e social nas especiais circunstancias nas que se atopan.

A atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro está determinada no artigo 67 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, non obstante a atención educativa as persoas procedentes de Ucraína debe ter un tratamento mais singularizado dadas as circunstancias que se están a dar nos desprazados que cheguen a Galicia

En consecuencia, de conformidade con todo o exposto, estas Secretarías Xerais,

### **RESOLVEN:**

#### **Primeiro. Escolarización**

A dirección do centro docente, no caso de recibir solicitudes extraordinarias de escolarización de alumnado desprazado polo conflito de Ucraína, facilitáralle á familia, representantes legais, familia acolledora ou institución demandante, o modelo de escolarización extraordinaria e axudaranlle a cumprimentar a documentación, facilitándolle a súa tramitación diante Servizo Territorial de Inspección Educativa. Para esta escolarización as persoas solicitantes deberán achegar á súa solicitude o resgardo acreditativo de presentación da solicitude de recoñecemento individual da protección temporal para as persoas afectadas polo





conflito en Ucraína expedido pola Policía Nacional ou a resolución de concesión da protección temporal expedida polo Ministerio do Interior, de acordo co procedemento determinado na Orde PCM/169/2022, de 9 de marzo, pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento da protección temporal a persoas afectadas polo conflito en Ucraína. Neste resgardo constará o NIE asignado.

Os Servizos Territoriais de Inspección Educativa realizarán con carácter de urxencia unha autorización para a escolarización deste alumnado no curso que lle corresponde por idade. No procedemento de escolarización as direccións de os centros docentes e a Inspección Educativa procurarán que se desenvolva do xeito mais fácil para o alumnado, ás súas familias ou institucións que os acompañen.

Tal e como se establece no artigo 10 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.

Unha vez escolarizado, e seguindo o establecido no artigo 67 da citada orde do 8 de setembro de 2021, o centro educativo a través do equipo docente e do departamento de orientación, realizará unha avaliación inicial do alumnado, tanto dende o punto de vista curricular como lingüístico e emocional.

En función dos resultados desta avaliación inicial, o centro docente poderá adoptar as seguintes medidas:

1. Poderá escolarizarse no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade se se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfase curricular de máis de dous cursos. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao Servizo Territorial de Inspección Educativa





correspondente.

2. Poderase constituír un grupo de adquisición de linguas de concluír que o alumnado ten un descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.
3. Poderase constituír un grupo de adaptación da competencia curricular se o alumnado ten un desfacemento curricular de dous cursos ou máis.
4. Para a constitución dun grupo de adquisición de linguas e/ou dun grupo de adquisición de competencia curricular seguirase o procedemento establecido respectivamente nos artigos 68 e 69 da Orde do 8 de setembro de 2021 e requirirase a autorización do Servizo Territorial de Inspección Educativa.

## **Segundo. Acollida nos centros educativos**

A dirección do centro educativo deberá dispor dun procedemento de asesoramento e información ás persoas interesadas a fin proporcionar unha atención educativa coas maiores garantías de éxito. Neste proceso deberá participar o departamento de orientación, co apoio do profesorado de linguas estranxeiras, si fose o caso.

O alumnado baixo protección temporal polo conflito de Ucraína terá dereito aos servizos complementarios de transporte e comedor escolar dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, con carácter gratuíto.

## **Terceiro. O desenvolvemento social e emocional do alumnado**

Os centros docentes terán en consideración as especiais circunstancias nas que se escolariza o alumnado desprazado polo conflito de Ucraína de cara a favorecer o seu desenvolvemento social e emocional.

Para o deseño e execución das diferentes iniciativas encamiñadas a favorecer o desenvolvemento social e emocional do alumnado contarase coa implicación dos departamentos de orientación dos centros, e de ser o caso, co asesoramento dos equipos de orientación específicos territoriais. Así, os centros, a través do departamento de orientación e do equipo directivo, manterán coordinación





constante cos servizos sociais, de xeito que se garanta unha atención integral, eficiente e coordinada ás necesidades das familias desprazadas no seo comunitario e a través de accións de equidade e inclusión social.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 94 da Orde do 8 de setembro de 2021 ao respecto do desenvolvemento emocional os centros docentes deseñarán iniciativas destinadas a favorecer a mellora do benestar emocional deste alumnado, con especial atención á creación de contornos inclusivos, seguros e respectuosos coa súa identidade e arraigo cultural tomando como punto de partida o Plan de Benestar Emocional.

#### **Cuarto. Agrupamentos**

Se un centro docente escolariza, nun mesmo nivel educativo, a un número elevado de alumnado procedente de Ucraína, adoptará as decisións relativas ao agrupamento que máis favorezan o seu desenvolvemento social e emocional, así como a adquisición dunha lingua vehicular, a proposta do departamento de orientación.

#### **Quinto. Intervención da inspección educativa**

A dirección do centro informará ao Servizo Territorial de inspección de educación dos procesos e decisións adoptadas en relación coa escolarización e proceso formativo do alumnado ao que afecta esta Resolución

#### **Sexto. Normativa de aplicación**

Considérase normativa aplicable:

1. Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.





2. Instrución conxunta 1/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, do 25 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso escolar 2021-2022.
3. Instrución 2/2021, da Secretaría Xeral Técnica da consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2021-2022.
4. Instrución 3/2021, da Secretaría Xeral Técnica da consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2021-2022.
5. Orden PCM/169/2022, de 9 de marzo, por la que se desarrolla el procedimiento para el reconocimiento de la protección temporal a personas afectadas por el conflicto en Ucrania.
6. Orden PCM/170/2022, de 9 de marzo, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 8 de marzo de 2022, por el que se amplía la protección temporal otorgada en virtud de la Decisión de Ejecución (UE) 2022/382 del Consejo de 4 de marzo de 2022 a personas afectadas por el conflicto de Ucrania que puedan encontrar refugio en España.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

Secretario xeral técnico  
Profesional

Manuel Vila López

Secretario xeral de Educación e Formación

José Luis Mira Lema

